

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 25

Ano 4

novembro-decembro 2009

Os arquivos da fidalguía (II)

OS LIBROS TOMBOS DA FAMILIA BOÁN


«Por considerar la mundança de cosas que con los tiempos y personas vemos cada día, acordé yo **don Pedro Fernández de Boán** ... poseedor ... desta casa y **mayorazgo de San Damián** ... dexar en ella y poner por escripto en este libro y otros todas las [cosas] de su hazienda y calidad della ... para su mayor **memoria** y perpetuidad...». Así xustificaba o autor a razón de ser deste «Libro de asiento (llamado en este reyno de Galicia tunbo)» cando o comezou a redactar en **1633**.

Don Pedro instalárase na cidade de **Ourense** en 1616, onde co tempo chegou a entrar no goberno municipal da cidade, a señorear vasalos e a vestir hábito de cabaleiro de Santiago. Herdeiro dun respectable patrimonio, aplicouse en conservalo e acrecentalo e, ao tempo que demarcaba os lindes, elaborou varios libros como este referidos aos bens de distintas masas patrimoniais, entre as que destacaba o morgado de San Damián fundado polo seu tío **don Juan Fernández de Boán**.

Este tipo de libros, habituais nos arquivos familiares desde a Idade Moderna, son coñecidos por distintos nomes (cartulario, libro becerro, **libro tomo**...), e tiñan longa tradición nas institucións relixiosas da Península Ibérica desde o século XII. A súa finalidade era **sistematizar a información** relativa ao patrimonio dunha familia ou institución co fin de facilitar o control dos lindes e mellorar a eficacia da súa administración e defensa, sobre todo en momentos nos que se vía acrecentado. Á parte de asentar neles os privilexios, doazóns, rendas etc. da familia, adoitaban indicar a localización física dos documentos orixinais que acreditaban eses dereitos, porque para unha xestión eficiente do patrimonio tamén se precisaba un eficaz control dos documentos. Por iso, a realización destes libros podía vir acompañada por unha **reorganización do arquivo** familiar que reflectiría a estrutura do propio tomo, xeralmente de tipo xeográfico-cronolóxico.

Os fidalgos medianos, como eran os Boán a principios do século XVII, tamén anotaban nestes libros

o cobro anual das rendas da terra, algo que as institucións relixiosas ou as familias máis ricas levaban en libros específicos coñecidos como memoriais cobradores. Como outros fidalgos, D. Pedro tamén utilizou este tomo para relatar episodios autobiográficos e da **historia familiar** (xenealoxía, nacemento e educación dos fillos, casamentos, etc.), iso si, coas inexactitudes e fabulacións propias das xenealoxías e crónicas da España do Antigo Réxime que máis tarde levará ao extremo na **Historia de don Servando**.



1633-?. S.I.

Libro tomo da casa e morgado de San Damián de Buenavista de Cacabelos de Abrociños.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 172 fol.; 225 x 350 mm; Regular, encadernación pergamiño. AHPOu, Fondo Familia Boán, libro 43.

A fortuna labrada no Perú

Cando a principios do século XVI o rico comerciante de panos **Fernando Boán** costeou estudos eclesiásticos ao seu fillo Juan, dificilmente podía imaxinar, por moi ambiciosas que fosen as súas aspiracións sociais, que un tataraneto seu acabaría entrando no Consello de Indias, un dos principais órganos políticos da Monarquía Hispánica dos Austrias.

D. Juan, o fillo crego do comerciante de panos de Chantada, tivo dous descendentes que tamén fixeron carreira eclesiástica. Un deles, **D. Fernando**, párroco de S. Xoán de Abruciños, procreou seis fillos entre os que destacou **Juan**: estudou cánones e leis na Universidade de Santiago, foi catedrático na de Salamanca e en 1591, co valioso apoio dos **condes de Lemos**, embarcou cara ás Indias para ocupar varias maxistraturas na **Real Audiencia de Lima**, o máis alto tribunal do Virreinato do Perú.

Como decano da Audiencia, correspondeulle exercer interinamente as funcións de **virrei do Perú** durante algo máis dun ano, tras o pasamento do titular en 1606. Con honores de virrei foi despedido cando zarpou das Indias en 1613 para retornar á súa terra. Grazas ao patrocinio dos seus valedores, os condes de Lemos, culminou esta fulgurante carreira política como membro do **Consello de Indias**.

En Perú ficara viúvo dunha rica dama indiana, **D^a Damiana de Landecho**, que malia non lle dar fillos, fíxoo herdeiro dun crecido capital. Antes de marchar ás Indias, D. Juan tivera unha filla natural, Josefa, a quen declarou herdeira universal coas condicións de que casara con **D. Pedro Fernández de Boán**, curmán dela, e de que este adoptara como propio o apelido da dama americana á quen lle debían a súa fortuna.

«Gente humilde y baxa, sin rastro de nobleza»

Despois do casamento coa súa curmá en 1616 e convertido en posuidor de tan dilatada facenda, D. Pedro centrou os seus esforzos no propósito no que empeñará a o resto da súa vida: o **ennobrecemento** da liñaxe dos Boán.

Comezou por aspectos externos como levantar un suntuoso pazo na praza do Ferro de Ourense que espertou xenreira entre a vella fidalguía da cidade. En 1625, solicitou o ingreso na **Orde militar de Santiago**, exclusiva corporación da máis rancia aristocracia española, para o que había de demostrarse ascendencia fidalga por catro xeracións. Malia ser tataraneto de comerciante, bisneto e neto de cregos e fillo dun escribán de Melias, argallou o necesario para que numerosas testemuñas corroborasen a antiquísima nobreza dos Boán. Pero algúns fidalgos veciños tamén cualificaron aos Boán

de «gente humilde y baxa, sin rastro de nobleza» e sementaron dúbidas que pecharon a don Pedro a porta da Orde de Santiago.

Falsificar para medrar

Como era home teimudo non desistiu ata conseguir a revisión do seu expediente de ingreso na orde militar. Desta volta artellou un elaborado plan que o revela tanto a el como ao seu irmán **D. Juan Fernández de Boán y Araújo**, párroco de Castro de Beiro e de Vilarrubín, como homes astutos, eruditos, e tamén de poucos escrúpulos: falsificaron unha chea de documentos que acreditaban a antiga e nobilísima orixe dos Boán para despois introducirlos sagazmente en distintos arquivos eclesiásticos «dignos de fe».

Con estas probas e o sempre inestimable auxilio dos condes de Lemos, o expediente de ingreso resolveuse favorablemente en 1641. Don Pedro puido, por fin, bordar a cruz de Santiago no seu peito, honor que anotou con reiteración entre as liñas do libro tombo que protagoniza este número de *Fron-da*. Para máis xenreira da vella fidalguía ourensá, D. Pedro Boán non só entrou no goberno municipal mediante a compra dunha **rexiduría** do Concello de Ourense, senón que tamén se convertiu en **señor de vasallos** de varios coutos dos Chaos de Amoeiro, trocados por certas rendas aos condes de Lemos.

Pero a operación de maior exaltación da súa liñaxe argallárona os irmáns Boán a traveso dunha delirante falsificación titulada **Historia gótica de don Servando**. Este falso cronicón atribuído a este imaxinario prelado ourensán do século VIII e supostamente ampliado e transcrito ao galego por **D. Pedro Seguí**n, bispo auriense en 1191, comeza relatando os primeiros tempos do mundo para logo referir as fazañas de Hércules, episodios da Historia da España prerromana, romana e visigoda ata chegar á ocupación musulmá do século VIII. Todo para ensalzar aos Boán ao situar en diversas xestas do relato a personaxes emparentados con esta liñaxe, de cuxas antiquísimas orixes dá noticia o **nobiliario** de familias galegas que acompaña ao cronicón. Así, os Boán procederían dun régulo prerromano, convertido ao cristianismo polo mesmo **apóstolo Santiago**, que logo fundaría unha estirpe emparentada cos **Borbóns** na Idade Media e da que descenderían reis visigodos e suevos, **don Pelayo** de Asturias, santos como **San Rosendo** e outros históricos persoeiros.



XUNTA
DE GALICIA

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereja coa colaboración do equipo técnico do AHPOu.
Imaxes: Amalia Castro Dacosta. Deseño: Duen de Bux

D.L. OU 67/2006

Fron-da
Nº. ex.: 001/100